



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL


Febreiro 2024

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, registrou en febreiro de 2024 un incremento do 3,4% con respecto a febreiro de 2023; en España aumentou o 4,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo aumentaron un 8,3%, os bens intermedios un 2,0% e os bens de equipo un 1,1%. Pola súa parte a enerxía medrou un 3,2%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "producción de enerxía eléctrica" que achega 1,1 puntos, "fabricación de bebidas" que suma 0,9 puntos e "fabricación doutro material de transporte", que achega 0,6 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "fabricación de produtos metálicos" que resta 1,1 puntos e "industria da madeira e da cortiza" que resta 0,3 puntos á taxa interanual.



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en febreiro de 2024 un incremento do 3,4% con respecto a febreiro de 2023; en España o índice aumentou o 4,1%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 8,3%, e achegan 1,8 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 1,1%, o que suma 0,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** aumentan un 2,0%, cunha repercusión positiva de 0,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 3,2% e engade 0,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o crecemento interanual en febreiro do 3,4% débese principalmente á chegada positiva (5,6 puntos) de dezanove ramas; as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que suma 1,1 puntos, a "fabricación de bebidas", cunha repercusión de 0,9 puntos e a "fabricación doutro material de transporte" que achega 0,6 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (-2,2 puntos) de sete ramas, as principais foron: a "fabricación de produtos metálicos" que resta 1,1 puntos e a "industria da madeira e da cortiza" que resta 0,3 puntos á taxa interanual.


.

### 3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en once Comunidades Autónomas neste mes de febreiro. Os maiores incrementos rexistráronse en Castilla y León (11,6%) e Cataluña (9,4%). Pola contra, os maiores descensos presentáronse en Asturias (-8,3%) e Illes Balears (-4,3%).


#### IPI Febreiro 2024

Taxas de variación interanual en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	96,7	3,4	0,9	--	--
Bens de consumo	118,8	8,3	10,9	1,8	2,2
Bens de equipo	97,1	1,1	-2,3	0,3	-0,7
Bens intermedios	85,8	2,0	3,7	0,5	0,8
Energía	95,9	3,2	-4,8	0,8	-1,4
<b>España</b>					
Xeral	104,8	4,1	4,0	--	--
Bens de consumo	103,5	6,3	5,0	1,6	1,3
Bens de equipo	118,7	5,3	6,4	1,3	1,5
Bens intermedios	100,2	3,9	3,6	1,2	1,1
Energía	98,7	0,1	0,5	0,0	0,1

Fonte: NE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2024**

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>3,4</b>		<b>0,9</b>		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4,9	1,1	-5,9	-1,5	19,4
Fabricación de bebidas	23,7	0,9	30,7	1,1	3,8
Fabricación doutro material de transporte	32,9	0,6	30,4	0,5	1,9
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	19,8	0,5	10,2	0,3	2,8
Outras industrias extractivas	33,1	0,4	66,8	0,6	1,1
Industria da alimentación	2,2	0,3	4,2	0,6	14,9
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	10,5	0,3	-0,5	0,0	2,3
Fabricación de mobles	14,9	0,2	15,2	0,2	1,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	4,0	0,2	5,0	0,2	4,8
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1,2	0,2	-4,8	-0,7	13,3
Confección de roupa de vestir	8,3	0,2	1,8	0,0	1,8
Fabricación de material e equipamento eléctrico	46,5	0,2	3,5	0,0	0,5
Industria do papel	11,6	0,1	9,1	0,1	1,2
Outras industrias manufactureiras	9,9	0,1	12,3	0,1	0,7
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	11,5	0,1	7,7	0,0	0,8
Industria téxtil	4,8	0,0	7,6	0,0	0,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-5,7	0,0	-5,1	0,0	1,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-2,9	-0,1	-0,9	0,0	3,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalíaxos	-5,4	-0,2	-1,1	0,0	5,1
Industria química	-11,6	-0,2	-4,3	-0,1	1,9
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-7,1	-0,3	0,2	0,0	4,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-12,4	-1,1	-11,7	-1,0	8,6
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: NE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2024**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>104,8</b>	<b>4,1</b>	<b>4,0</b>
Galicia	96,7	3,4	0,9
Andalucía	94,1	-3,8	2,4
Aragón	111,9	7,8	5,2
Asturias	87,9	-8,3	-4,9
Balears (Illes)	99,2	-4,3	-3,4
Canarias	108,8	5,6	6,4
Cantabria	97,4	-1,8	0,4
Castilla - La Mancha	109,5	7,6	4,1
Castilla y León	111,3	11,6	4,7
Cataluña	108,7	9,4	8,7
Comunitat Valenciana	103,2	-0,8	1,7
Extremadura	103,4	3,2	4,8
Madrid	113,3	3,4	3,3
Murcia	95,4	5,7	6,7
Navarra	108,6	5,7	6,0
País Vasco	103,4	1,7	0,8
Rioja (La)	99,6	-3,0	-2,8

Fo nte: N E